

LINGUA GALEGA E LITERATURA II

O exame consta de 6 preguntas de 2,5 puntos cada unha, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 4**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 4 primeiras respondidas**.

TEXTO

A perfección non existía.

De quen era a culpa de que ela non fose perfecta?

Non obstante, os seus **seguidores** non tiñan por que sabelo, Bieito sempre llo dicía. O que comezara como unha simple diversión había sete anos, colgando fotos súas nas redes co modelíño que levar tal ou cal día, agora era un traballo profesional pagado con centos e mesmo miles de euros por imaxe subida, se o patrocinador era potente. Nunca tivera as cifras moi claras; esas cousas sempre as levara el. O único que sabía era que ía case polo medio millón de seguidores.

Colleu o móbil do estante e mergullouse na nata **artificial**, tapando os puntos estratéxicos do corpo. Aquí vese demasiado, aquí demasiado pouco. Así. Estirou o brazo e sorriu de xeito suxerinte. Había moito tempo que non se fotografaba polo simple pracer de facelo, sempre dirixida polas profesionais que controlaba Bieito. Fotógrafa, perruqueira, maquilladora... Había que darlle unha imaxe máis sofisticada ao blog, dicía el.

Puxo a cámara interna. As **imperfeccións** non tiñan importancia se ninguén sabía delas. Se medio millón de persoas dicían que eras perfecta, tanto tiña como te vises ti.

Sacou a foto e subiuna ao blog de inmediato. Seguramente algún diría que o fixera para anunciar a máscara de pestanas que provocaba a súa sensual caída de pálpabras, ou a pasta dentífrica **branqueadora** que facía que a perfecta dentadura reflectise a luz do flash. Mellor que pensasen iso que o que realmente se agochaba detrás: que deixara de ter control sobre a súa propia vida e que aquela pequena falcatruada lle lembraba que aínda podía facer algunha que outra cousa sen pedir permiso.

Antía Yáñez. *Senlleiras*.

PREGUNTA 1. Comprensión do texto

- 1.1. Indique nunha liña como máximo o tema do texto. **(0,5 puntos)**
- 1.2. Elabore un resumo do texto no que recolla as súas ideas principais. **(1 punto)**
- 1.3. Propoña un adxectivo para describir a protagonista do texto e outro para describir a Bieito. Escolla un enunciado concreto do texto para xustificar a súa proposta. **(1 punto)**

PREGUNTA 2. Lingua e gramática

- 2.1. Analice sintacticamente: *Nunca tivera as cifras moi claras.* (1 punto)
- 2.2. Segmente morfoloxicamente e indique o valor de cada morfema: *seguidores, artificial, imperfeccións, branqueadora.* (1 punto)
- 2.3. Localice no texto tres palabras pertencentes ao mesmo campo semántico. Indique se aparece tamén o seu hiperónimo e, de non ser así, propoña un. (0,5 puntos)

PREGUNTA 3. Producción textual

Redacte un texto no que exprese a súa opinión sobre o tema do que trata Antía Yáñez neste fragmento da súa obra *Senlleiras*. (Extensión aprox. 200-250 palabras) (2,5 puntos)

PREGUNTA 4. Lingua e sociedade. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 4.1. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais, contexto histórico e situación sociolingüística. (Extensión aprox. 200-250 palabras) (2,5 puntos)
- 4.2. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. (Extensión aprox. 200-250 palabras) (2,5 puntos)

PREGUNTA 5. Literatura. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 5.1. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas. (Extensión aprox. 400 palabras) (2,5 puntos)
- 5.2. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas. (Extensión aprox. 400 palabras) (2,5 puntos)

PREGUNTA 6. Literatura. Escolla e desenvolva un dos dous apartados:

- 6.1. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo). (Extensión aprox. 400 palabras) (2,5 puntos)
- 6.2. O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós. (Extensión aprox. 400 palabras) (2,5 puntos)